

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2011.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 19 de outubro de 2011, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP).

D^a MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

D^a MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

NON ASISTE:

D^a MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE)

D^a MÓNICA PATO MAGARIÑOS. (PP)

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Con anterioridade ao inicio da sesión se declara por unanimidade transmitir á familia de D. Juan Manuel Baleato Iglesias, exalcalde do Concello de Val do Dubra e á Corporación municipal, o pésame polo seu pasamento.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos conforme á seguinte orde do día que figura na convocatoria:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 7 DE SETEMBRO DE 2011.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 02.09.2011 AO 14.10.2011.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A FUNDACIÓN PÚBLICA REFUXIO DE ANIMAIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2012 (POS 2012).

5º) MOCIÓNS.

6º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 7 DE SETEMBRO DE 2011.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 7 de setembro de 2011.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade acorda aprobala sen ningunha rectificación.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 02.09.2011 AO 14.10.2011.

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22. 2. a. da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben:

02.09.11.- Contratación do servizo de "CATERING PARA A FESTA DOS MAIORES DO CONCELLO DE BRIÓN 2011", a don JAIME TOJO ESPÍÑEIRA, polo importe máximo de 18.144,00 €, iva incluído.

02.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 777,92 euros (Mapre Seguros).

02.09.11.- Pago a xustificar de 470 € para o pago de gastos derivados da realización da Festa dos Maiores 2011.

05.09.11.- Autorización para celebrar o día 11 de setembro de 2011 os festexos de Nosa Señora dos Milagros no lugar de A Igrexa-Bastavales.

05.09.11.- Aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións e axudas para proxectos e actividades educativas e culturais complementarias, emprendidas polos centros educativos 2011.

05.09.11.- Aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións e axudas para actividades culturais, deportivas, educativas, de interese público e de promoción económica 2011.

05.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 25 euros (CP Agro Novo).

06.09.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de setembro de 2011.

07.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 47,08 euros (CP Agro Novo).

07.09.11.- Contratación do servizo de “CONTROL DE CALIDADE DA OBRA RENOVACIÓN DE ALUMEADO EN URBANIZACIÓN MONTE BALADO”, á empresa ALFA INSTANT SA, por un importe de 902,21 €, ive incluído.

07.09.11.- Contratación do servizo de “CONTROL DE CALIDADE DA OBRA EN DIVERSAS OBRAS DE ACTUACIÓN NA REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL NO CONCELLO DE BRIÓN”, á empresa ALFA INSTANT SA, por un importe de 1.079,16 €, ive incluído.

08.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 3.194,68 euros (axudas de transporte dos alumnos do Curso de Empregado de Oficina correspondentes ao mes de agosto).

09.09.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de agosto de 2011.

09.09.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de agosto 2011.

12.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 49.880,92 euros (liquidacións das contribucións do Concello de Brión como integrante da Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza correspondentes a xuño e xullo 2011).

12.09.11.- Autorización para celebrar o día 16 de setembro de 2011 os festexos de Santa Eufemia no lugar de A Igrexa-Ons.

13.09.11.- Baixas no Padrón de Habitantes.

13.09.11.- Baixas definitivas no Padrón de Recollida de Lixo 2011.

13.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.079,16 euros (Alfa Instant SA).

13.09.11.- Aprobación da certificación nº 1 da obra: Diversas obras de actuacións na rede de saneamento municipal, polo importe total de 34.320,84 euros.

13.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 4.057,83 euros (Papelería Xiz SL).

14.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 7.362,13 euros (Feiraco).

14.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 39.537,57 euros (facturas varias).

15.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 269,69 euros (Axa Seguros).

15.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.167,09 euros (Wurth).

15.09.11.- Contrato subministro vestiario policía local á empresa GALICOM COMUNICACIONES polo importe de 2.479,83 €, ive incluído.

16.09.11.- Baixa definitiva dos recibos da taxa de recollida do lixo correspondentes aos Padróns do Lixo dos anos 2008, 2009, 2010 e 2011 que figuran a nome de D. Félix Vilas Vidal.

16.09.11.- Inclusión no Programa Municipal de Transporte Colectivo Gratuíto, presentadas neste Concello entre os días 16 de xuño de 2011 e o 15 de setembro de 2011.

16.09.11.- Aprobación do proxecto a desenvolver pola Axente de Emprego e Desenvolvemento Local durante o ano 2012.

16.09.11.- Confirmación das prazas relativas ás solicitudes presentadas para participar en actividades extraescolares, deportivas e culturais durante o curso 2011-2012.

16.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 194,76 euros (Xunta de Galicia).

16.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 49.221,53 euros (facturas varias).

19.09.11.- Desestimación do recurso de reposición presentado por D. José Luis Prieto López en relación coa declaración de ruína da edificación sita en lugar de Nináns.

19.09.11.- Adxudicación á empresa Electricidad Cruceiro S.L. a execución do contrato de servizos de: Reparación e mantemento do material do alumeadado público do Concello de Brión, polo prazo de catro anos e polo prezo total anual de 40.061 euros, ive incluído.

19.09.11.- Convocatoria XGL a celebrar o 20 de setembro.

19.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 20.052,48 euros (Plan de Transporte Metropolitano de Galicia).

19.09.11.- Aprobación expediente modificación de créditos MC27/2011.

20.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 35,40 euros (Cableuropa SAU).

20.09.11.- Declaración de caducidade de licenza de obra maior para a construción de dúas vivendas unifamiliar pareadas en Outeiro.

21.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 501,05 euros (Estación de Servicios Manzaneda).

21.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 44,80 euros (gastos de locomoción e peaxes).

22.09.11.- Aprobación da conta xustificativa de gastos derivados da ruta de sendeirismo as Illas Cíes.

22.09.11.- Aprobación da conta xustificativa de gastos derivados da realización da Festa dos Maiores 2011 que se celebrou o 4 de setembro de 2011.

22.09.11.- Concesión dunha subvención á Asociación Banda de Música Municipal de Brión por importe máximo de 4.000 €.

22.09.11.- Nomeamento do funcionario do Concello José Antonio Bouzas Neo, como interventor accidental do Concello durante as vacacións da titular.

22.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 7.560 euros (Zapata Criado Xiana).

22.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 75.407,50 euros (facturas varias).

22.09.11.- Devolución do ingreso excesivo a D^a. Sandra González Fernández por importe de 50,00 euros pagados en concepto de prezo público pola actividade de obradoiros de verán.

22.09.11.- Devolución do ingreso excesivo a D^a. M^a. Luisa Pena Fraga por importe de 50,00 euros pagados en concepto de prezo público pola actividade de obradoiros de verán.

22.09.11.- Devolución do ingreso excesivo a D. Antonio Balboa Salgado por importe de 50,00 euros pagados en concepto de prezo público pola actividade de obradoiros de verán.

22.09.11.- Devolución do ingreso excesivo a D. Ángel de Prado Sierra por importe de 50,00 euros pagados en concepto de prezo público pola actividade de obradoiros de verán.

22.09.11.- Devolución do ingreso excesivo a D^a. Silvia García González por importe de 50,00 euros pagados en concepto de prezo público pola actividade de obradoiros de verán.

22.09.11.- Devolución do ingreso excesivo a D^a. Silvia García González por importe de 50,00 euros pagados en concepto de prezo público pola actividade de obradoiros de verán.

22.09.11.- Contratación do servizo “Fogos de artificio Festas Santa Minia 2010” polo importe de 6.100 €, iva incluído.

22.09.11.- Aprobación da ocupación porción terreo como bens de uso e dominio público municipal destinados a viario público.

23.09.11.- Confirmación das prazas para participar en actividades para a terceira idade durante o curso 2011-2012.

23.09.11.- Aceptación da donación gratuíta feita por D^a. Cristina Hernández García dun piano cun valor de: 600 euros, para o seu uso na Escola Municipal de Música.

26.09.11.- Autorización para celebrar o día 30 de setembro e 1 de outubro de 2011 os festexos de San Miguel no lugar de A Igrexa-Boullón.

26.09.11.- Incoación expediente de reposición da legalidade urbanística a D. Marcial Crespo Barbeito polas obras realizadas (caseto, piscina e galiñeiro) sen licenza municipal, nas inmediacións da aldea da Gándara.

28.09.11.- Adjudicación do contrato privado de aluguer de inmovible á empresa ELECTRICIDAD CRUCEIRO S.L., sito en Agro Novo - Os Anxeles, polo prazo de un ano e polo prezo de 177 euros mensuais.

28.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.360,17 euros (Telefónica España).

28.09.11.- Designación dos lugares especiais para a colocación gratuíta de carteis de propaganda electoral.

28.09.11.- Designación dos locais oficiais para celebración de actos de propaganda electoral dos partidos políticos.

29.09.11.- Desestimación de recurso de reposición interposto por Juan Santomil e Alejandro Trasbach pola solicitude de retribucións complementarias correspondentes ao período de prácticas.

29.09.11.- Aprobación liquidación XGL celebrada o 20 de setembro.

30.09.11.- Abono da diferenza complementos específicos polo posto de secretaría accidental.

30.09.11.- Incoación de expediente de revisión de oficio para declarar a nulidade convenio de colaboración.

30.09.11.- Contratación do servizo de “INSPECCIÓN VERTEDOIRO DE RSU CLAUSURADOS”, á empresa LABAQUA SA, por un importe de 3.182,00 €.

30.09.11.- Pago de gratificacións a un laboral.

30.09.11.- Pago de gratificacións a un funcionario.

30.09.11.- Recoñecemento dun trienio a unha traballadora.

30.09.11.- Recoñecemento dun trienio a unha traballadora.

30.09.11.- Recoñecemento dun trienio a unha traballadora.

30.09.11.- Recoñecemento dun trienio a unha traballadora.

30.09.11.- Recoñecemento do segundo trienio a un traballador.

30.09.11.- Pago de produtividade.

30.09.11.- Aceptación da baixa voluntaria dun empregado.

30.09.11.- Pago de nóminas.

30.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.040 euros (premios carreira popular).

03.10.11.- Contratación do subministro de "ALUGER DUN SERVIDOR PARA INFOBRION", á empresa El Muelle Servicios Hosting SL, por un importe de 3.982,50 €, iva incluído.

03.10.11.- Aprobación do pregos de cláusulas administrativas da contratación do subministro de máquina barredora mediante leasing por procedemento negociado con publicidade.

03.10.11.- Requirimento a Carlos Alberto Seoane Pallas para que no prazo de quince días retire o seu vehículo do depósito.

03.10.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 97,08 euros (CP Agro Novo).

03.10.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 342,37 euros (Telefónica Moviles).

04.10.11.- Alta padrón de habitantes mes de setembro.

04.10.11.- Baixas no padrón de habitantes mes de setembro.

05.10.11.- Remisión copia expediente ao Xulgado Contencioso Administrativo polo recurso interposto por D^a. María Concepción Freire Baameiro, contra resolución pola que se acorda aprobar a ocupación por parte do Concello dunha porción de finca propiedade da interesada.

05.10.11.- Encomendando a defensa e representación ao Letrado D. CARLOS ABAL LOURIDO, polo recurso contencioso-administrativo interposto por D^a. María Concepción Freire Baameiro, contra resolución pola que se acorda aprobar a ocupación por parte do Concello dunha porción de finca propiedade da interesada.

05.10.11.- Deixar sen efecto o convenio asinado para o alleamento da cota indivisa do 80% da parcela R-3 da AR-7, correspondente ao Concello, en concepto do 10% de aproveitamento de cesión obrigatoria, por importe de 376.050 euros.

05.10.11.- Aprobación da liquidación das taxas dos gastos de publicación de anuncios de licitación na Voz de Galicia da obra RENOVACIÓN DE ALUMEADO EN URBANIZACIÓN MONTE BALADO, BRIÓN polo importe total de 283,20 €

05.10.11.- Requirir a Alberto González Iglesias para que no prazo de quince días retire o seu vehículo do depósito.

05.10.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 141,60 euros (Centyc Europa).

05.10.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 135,84 euros (Centyc Europa).

06.10.11.- Imposición de sanción económica a ESYCSA por incumprimento do prazo de execución da obra de Renovación do alumeado na urbanización Monte Balado.

06.10.11.- Inicio expediente de baixa de oficio por inscrición indebida no Padrón de Habitantes.

06.10.11.- Autorización para celebrar o día 12 de outubro de 2011 os festexos da Virxe do Pilar no lugar de O Tremo-Os Anxeles.

06.10.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de outubro de 2011.

06.10.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de setembro de 2011.

06.10.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de setembro 2011.

06.10.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 3.029,29 euros (axuda de transporte alumnos do Curso Plan AFD do mes de setembro).

07.10.11.- Remisión de expediente ao Xulgado C-A polo recurso interposto por D. Luis Alberto Iglesias Beiras contra resolución da Alcaldía pola que se acordou desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial.

07.10.11.- Encomendación da defensa e representación á Asesoría Xurídica da Deputación polo recurso interposto por D. Luis Alberto Iglesias Beiras.

07.10.11.- Retirar do Rexistro da Propiedade o escrito de notificación aprobando ocupación de parcela de dona Dolores Baameiro, porque o acto non pode adquirir firmeza polo recurso contencioso-administrativo interposto.

07.10.11.- Designación como vogal á técnica Teodora Vieiro Nogueira nas comisións encargadas da selección das convocatorias de subvencións e axudas para actividades culturais, deportivas, educativas, de interese público e de promoción económica 2011 e as bases da subvencións e axudas para proxectos e actividades educativas e culturais complementarias emprendidas polos centros educativos 2011.

10.10.11.- Elevación a definitivo do acordo de aprobación da modificación de créditos MC 26/2011.

10.10.11.- Autorización para examinar a documentación solicitada polo voceiro do Partido Popular.

10.10.11.- Baixa no servizo de axuda no fogar básico dunha veciña.

10.10.11.- Denegación dunha axuda de emerxencia social a un veciño.

13.10.11.- Delegación de firma do “Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Brión para o sostemento dun grupo municipal de intervención rápida”, na concelleira Patricia Vázquez Lamas.

14.10.11.- Convocatoria de Comisións e sesión ordinaria Pleno a celebrar o 19 de setembro (debe dicir outubro).

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A FUNDACIÓN PÚBLICA REFUXIO DE ANIMAIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 10 de outubro de 2011 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 18 de outubro de 2011, que transcrita di:

O Pleno do Concello en sesión de data 30 de xaneiro de 2006, adoptou o acordo de solicitar do Padroado da Fundación Pública Refuxio de Animais de Santiago de Compostela a incorporación do Concello de Brión, por un período de 10 anos, según o recollido no art. 2 dos estatutos da fundación, comprometéndose o Concello de Brión a realizar as aportacións aos gastos de funcionamento que lle correspondan en proporción do número de habitantes de dereito e ao número de animais recollidos no termo municipal con entrada e permanencia no refuxio.

Resultando que os gastos que se están a orixinar ao Concello por este servizo son moi elevados, e dada a situación de crise económica estrutural na que se atopan todas as administracións públicas e particularmente a administración local, por mor fundamentalmente

da redución dos ingresos derivados da actividade urbanística, redución de aportacións doutras administracións e devolucións á Administración Xeral do Estado por mor do cálculo erróneo que fixo a mesma pola participación nos tributos do Estado dos últimos anos, resulta preciso que o Concello recorte gastos, aínda que o servizo sexa importante, para poder prestar outros servizos básicos aos veciños do Concello.

Resultando que desde un punto de vista económico resulta moito máis eficiente prestar o servizo de recollida de animais abandonados a través dunha empresa de servizos como fan moitos outros concellos posto que os custes son infinitamente inferiores aos que comporta para o Concello a pertenza á esta fundación, posto que están a prestar o servizo por aproximadamente 125 euros por animal vivo, ferido ou morto que recollen no termo municipal.

Resultando que os gastos do Concello dos últimos cuatrimestres son os seguintes:

- **3º cuatrimestre de 2010.** Cota: 3.779,73 euros. Cans acollidos:3, importe por can 34,00 euros, importe: 102,00 euros. **Importe total: 3.881,73 euros.**

- **1º cuatrimestre de 2011:** Cota: 3.842,67 euros. Cans acollidos:5, importe por can 34,00 euros, importe: 170 euros. **Importe total: 4.012,67 euros.**

Resultando desde o ano 2008 unha cota cuatrimestral fixa que debe pagar este Concello de 3.779,73 euros, e de 3.842,67 a partir do 1º cuatrimestre de 2011, e unha cota variable en función do número de cans acollidos (17 no 3º cuatrimestre de 2008; 19 no 1º cuatrimestre de 2009; 15 no 2º cuatrimestre de 2009; 39 no 3º cuatrimestre de 2009; 15 no 1º cuatrimestre de 2010 e 7 no 2º cuatrimestre de 2010), os gastos resultan elevadísimos para este Concello.

Considerando que ninguén pode pertencer a unha fundación en contra da súa vontade ao abeiro do disposto na Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Revocar e en consecuencia deixar sen efecto o acordo do Pleno do Concello de data 30 de xaneiro de 2006 de adhesión á Fundación Pública Refuxio de Animais de Santiago de Compostela, por supoñer uns custes ao Concello que resulta preciso suprimir para poder prestar outros servizos básicos para os veciños.

2º) A presente revocación surtirá efectos a partir do día 31 do mes de outubro, data na que o Concello deixará de pertencer á mencionada fundación.

3º) Que se notifique este acordo á fundación para o seu coñecemento e efectos.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que estamos de acordo.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que cando se preste o servizo por unha empresa se lle dea publicidade para que se enteren os veciños.

O Sr. Alcalde sinala que os veciños non teñen que facer nada, se fará o mesmo para retirar os cans.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e Mixto (BNG) (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2012 (POS 2012).

Dada conta da proposta da Alcaldía do 14 de outubro de 2011 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 18 de outubro de 2011, que transcrita di:

Vista a comunicación para a elaboración do Plan de obras e servizos do 2012 remitida pola Excmª. Deputación Provincial da Coruña, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobado o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2012**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2012, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
PROXECTO DE MANTEMENTO DE ESTRADAS NO CONCELLO DE BRIÓN.	71.847,28	5.407,87	77.255,15
PROXECTO DE MANTEMENTO DE BEIRARRÚAS NO CONCELLO DE BRIÓN.	21.805,78	12.536,54	34.342,32
SUBTOTAL OBRAS	93.653,06	17.944,41	111.597,47

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2012 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

Deputación

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	140.479,58
---	------------

C) Resumo:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	93.653,06	17.944,41	111.597,47
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	140.479,58		140.479,58
T O T A L	234.132,64	17.944,41	252.077,05

2.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2012 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2012.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña autorización para realizar por administración as obras de:

- PROXECTO DE MANTEMENTO DE ESTRADAS NO CONCELLO DE BRIÓN e PROXECTO DE MANTEMENTO DE BEIRARRÚAS NO CONCELLO DE BRIÓN, que se entenderá aceptada se esta se producira efectivamente.

5.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente ao Sr. Alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que como todos os anos teño que dicir que se nos dea a oportunidade aos grupos da oposición de aportar algo, e que nos proxectos debía dicirse máis polo miúdo por onde van.

O Sr. Alcalde sinala que o 60% destínase a gasto corrente e o resto é para mantemento de estradas e beirarrúas, fundamentalmente as beirarrúas de Bastavales, pero que nos proxectos se especifica polo miúdo, e que practicamente hai algunha actuación en cada parroquia.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que nas memorias dos proxectos veñen as obras que se van facer en cada sitio en particular e remata sinalando que os proxectos están redactados en castelán.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e Mixto (BNG) (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

5º) MOCIÓNS.

Apróbese a urxencia por unanimidade das seguintes mocións:

5.1. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (BNG) PARA A RESTITUCIÓN DE AXUDAS AOS CONCELLOS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña da conta da moción que transcrita di:

A Xunta de Galiza, mediante unha Orde ditada pola Consellaría de Educación, o pasado día 7 de setembro, procedeu a eliminar as axudas dirixidas a Concellos en materia de normalización lingüística. Estas axudas víñanse concedendo anualmente desde hai moitos anos, e permitían que algúns concellos contasen con servizos de normalización lingüística, ou desenvolvesen actividades de promoción e dinamización do noso idioma.

Tanto o Estatuto de Autonomía de Galiza, que vincula aos poderes públicos ao emprego do galego en todos os ámbitos, como a Lei de Normalización Lingüística, que establece compromisos concretos neste campo, a desenvolver polos concellos, determina a necesidade de activar medidas, baixo dirección e coordinación do Goberno galego, para normalizar o uso do idioma propio de Galiza na administración local.

O goberno do Partido Popular, utilizando como coartada os obxectivos de estabilidade orzamentaria e déficit público, eliminan as axudas para a lingua galega, e cumpren co seu programa político: a liquidación do uso do noso idioma tamén no ámbito oficial. Pero, esta agresión tamén conleva a desaparición dos servizos de normalización lingüística e a eliminación de numerosos postos de traballo de técnicas e técnicos municipais de normalización, incumpríndose os obxectivos do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, e agudizando o ataque ao galego.

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a:

1.- Restituír, con carácter de urxencia, as axudas destinadas aos Concellos en materia de normalización lingüística, baixo os seguintes criterios:

- a. Resolución urxente das axudas a fin de que cada concello coñeza o importe e poida planificar as súas actuacións.
- b. As axudas daranlle prioridade á creación, mantemento e estabilidade de Servizos Municipais de Normalización Lingüística.
- c. As axudas contribuirán ao financiamento das accións normalizadoras durante a totalidade do ano.
- d. Que todos os concellos, con independencia da súa poboación, poidan acceder ás axudas, sen prexuízo da promoción de servizos comarcalizados a través da agrupación de concellos.

2.- Dar conta deste acordo ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.

Debate:

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que estas axudas permiten un gran traballo sobre todo nos concellos rurais e que é triste que os recortes vaian por aí.

O Sr. Alcalde sinala que estamos de acordo.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que polo que eu sei se está a facer unha nova convocatoria con cargo aos orzamentos do 2012, e que parece que se quere insinuar que o PP está en contra do galego, que a vantaxe de ter dúas linguas é que se pode empregar calquera das dúas e que eu como máximo responsable do PP en Brión daríame de baixa se o PP atacara á lingua galega, que non estou de acordo con iso que se di do ataque ao galego.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que debe manterse esa partida para todos os concellos, incluídos os do PP.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7) e Mixto (BNG) (1).

Votos en contra: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

5.2. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (BNG) SOBRE DERROGACIÓN DA ORDE POLA QUE SE APROBAN OS PREZOS MEDIOS NO MERCADO DE DETERMINADOS INMÓBEIS RÚSTICOS E URBANOS SITUADOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALIZA PARA OS EXERCICIOS 2010 E 2011.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña da conta da moción que transcrita di:

A Xunta de Galiza vén de publicar (DOG do 19 de agosto de 2011) a Orde da Consellaría de Facenda do 28 de xullo de 2011, pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmóbeis rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios 2010 e 2011.

Os valores medios fixados para os bens inmóbeis nesa norma supoñen un incremento considerábel respecto do valor que se viña asignando polos propios servizos tributarios da Xunta de Galicia.

A aplicación da devandita norma como medio preferente para determinar o valor dos inmóbeis aos efectos do cálculo dos tributos xestionados pola Xunta de Galiza conlevará un aumento xeralizado e abusivo dos impostos que gravan as transmisións patrimoniais inter vivos ou mortis causa (sucesións e doazóns), unha situación que afectará negativamente á maioría dos veciños e veciñas do noso concello.

A subida media das taxacións dos inmóbeis que pretende aplicar a Xunta de Galiza, incluso de xeito retroactivo desde xaneiro de 2010, estímase entre un 25 e un 30 por 100, chegando nalgúns casos ao 65 por 100, como puxeron de manifesto desde que se difundiu o proxecto previo á publicación da Orde especialistas en xestión e asesoría tributaria, organización profesionais agrarias, ou mesmo representantes municipais.

En realidade estamos ante unha suba encuberta de impostos aplicada pola Xunta de Galiza, facendo uso dunha actualización de valores alonxada da realidade, dado que, debido á situación de crise económica é precisamente o mercado inmobiliario un dos máis afectados polo descenso continuado dos prezos ao longo dos últimos anos.

Alén diso, a aprobación desta norma demostra a nefasta xestión económica do Goberno Galego, incapaz de facer unha xestión realmente eficaz dos recursos públicos, e ao tempo, afanoso de botar man de mecanismos que implican un incremento desproporcionado de impostos sen importarlle a difícil conxuntura económica na que se atopan a maioría das persoas deste país.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a toma en consideración do seguinte ACORDO:

1. Dirixirse ao Goberno Galego para que :

a) Derroque e deíxe sen efecto a Orde da Consellaría de Facenda do 28 de xullo de 2011, pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmóbeis rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios 2010 e 2011.

b) Aprobe unha nova norma pola que se fixen novos valores medios dos inmóbeis que teñan en conta a situación de crise económica e que, polo tanto, en ningún caso, supoña incrementos respecto dos valores vixentes.

2. Dar traslado deste acordo ao Goberno Galego e máis aos Grupos Parlamentares con representación no Parlamento de Galiza.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que se se fai unha nova valoración o normal é valorar para aumentar o valor, non van valer menos os nosos inmobles, e que as novas valoracións vanse facer cuns medios tecnicamente moi avanzados.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que as valoracións están desfasadas, non estamos en contra dunha valoración correcta dos inmobles, o que nos preocupa é que paralelo a esa revisión de entrada vai supoñer unha suba de tributos sobre eses bens, que se trata de eliminar esa suba de impostos, iso é o que queremos dicir.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que se pedirá entón unha redución dos impostos, non unha redución dos valores dos inmobles.

O Sr. Alcalde sinala que nós non nos imos opoñer, pero que isto está un pouco fóra de contexto, que hai que traer cousas que nos afecten a nós, evidentemente calquera cousa do Parlamento afecta aos veciños, pero que hai que traer a Pleno cousas que afecten directamente aos veciños, que cada órgano ten as súas competencias e supoño que os parlamentarios saberán o que aproban; como é a lei?, sabemos como se fixo?, sabemos a súa xestión?, o que se trata é en esencia de pedir que se fagan as cousas en xusto termo, que o demais non é competencia do Concello.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que sí afecta, respondendo o Sr. Alcalde que qué é o que non lle afecta aos veciños, pero non imos traer aquí todas as leis do Parlamento.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que nestes tempos de crise os impostos non deben subir, ou polo menos non deben subir de xeito importante.

O Sr. Alcalde remata sinalando que nós a aprobamos pero coas observacións sinaladas.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7) e Mixto (BNG) (1).

Votos en contra: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

6º) ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que en Monte Balado hai problemas co alumeado público, que hai zonas sen alumeado, que hai varias zonas que se quedan a escuras.

O Sr. Alcalde sinala que unha empresa leva o mantemento desde hai quince días e se hai algunha avaría irá, pero non temos constancia das mesmas, que houbo apagóns cando se fixeron as obras de renovación do alumeado, pero onte estivemos alí e non había ningunha avaría, pero que se avisará á empresa.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e trinta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde.

O Secretario.

Vº e Prace.

Asd. José Luis García García.

Asd. Javier Nieves González.